



# Plan de actividades



## **Indice:**

Introdución	1
Medios humanos e materiais	12
Estrutura	13
Cadro resumo de actuacións 2011	14
Actuacións	17

## Introdución

A planificación das principais liñas de traballo e actuacións técnicas do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) cara o ano 2011, dentro da liña de continuidade marcada polo cumprimento dos fins e funcións que a este organismo lle atribúe a Lei 14/2007, pola que se crea e regula, e que se reflicte na prosecución proxectos anteriores de carácter plurianual ou permanente, ven influenciada por algúns cambios importantes que se teñen producido recentemente:

- A elaboración dun novo Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, que redefine os obxectivos institucionais na materia despois de seren pactados no seo do diálogo social.
- As novidades normativas producidas ao longo do ano 2010, que aínda que atinxen fundamentalmente aos servizos de prevención, teñen tamén certas repercusións na actividade da Administración.

Compre engadir a estes novos factores dúas consideracións máis:

- A crise económica, que aínda que leva algún tempo establecida, tradúcese a cotío nos índices sociolaborais e nos de sinistralidade, e inflúe nos medios materiais a disposición tanto das empresas coma da Administración.
- Determinados factores de risco que tiñan a consideración de “novos” ou “emerxentes”, pero que actualmente pódense considerar consolidados e pola súa incidencia ou prevalenza precisan de ser abordados sen demora, fundamentalmente nos eidos da ergonomía e a psicocioloxía laboral.

Por tanto, mantendo básicamente o corpo de anos anteriores, e tendo en conta os argumentos devanditos, as premisas que determinan a planificación das actividades técnicas do ISSGA para o vindeiro 2011, son:

- Os seus fins e funcións, que a Lei 14/2007 define nos seus artigos 3 e 4.
- O cumprimento dos obxectivos e accións definidos polo novo Plan Estratéxico para a PRL en Galicia 2011-2014.
- O estado actual xeral da PRL, a adaptación aos cambios e ao progreso técnico que se produzan neste eido.
- A necesidade de emprender accións fronte a factores de risco ate o de agora non suficientemente atendidos.
- As actividades iniciadas de carácter plurianual, ou as anuais que interesa prolongar no tempo, en función do coñecemento e a experiencia derivada dos resultados de programas e proxectos desenvolvidos en exercicios anteriores.
- A aparición de normativa e de criterios técnicos novos.



- Os recursos humanos e materiais dispoñibles, tanto propios como os que procedan de colaboracións con outros axentes, que delimitarán a súa capacidade de obrar.
- As necesidades propias do organismo, na procura da mellora da súa xestión e resultados, e da potenciación do seu papel como órgano coordinador das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma.
- A existencia de actividades non programables, que é consecuencia da propia natureza da labor que desenvolve o ISSGA, ao actuar nos casos de accidente, ou ao atender a demandas e requirimentos doutros organismos ou dos axentes sociais.
- Como factor principal, as necesidades e demandas da sociedade en xeral, dos axentes sociais, e das empresas e os seus traballadores e traballadoras en concreto.

Dado que a principal misión do ISSGA será dar cumprimento ao novo Plan Estratéxico 2011-2014, antes mencionado, compre lembrar o seu contido con carácter previo á definición das actuacións do vindeiro ano:

### **Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia** **2011-2014**

#### **Obxectivo 1: Promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa.**

##### **Liña 1: Actuacións na Administración autonómica**

1.1. Favorecer e impulsar a creación de normativa autonómica para o desenvolvemento da execución das competencias das distintas administracións (nomeadamente sanitaria e industrial) relacionadas coa prevención de riscos.

1.2. Apoio e asesoramento para a efectiva implantación da xestión preventiva nos concellos.

1.3. Fomento de boas prácticas no seo das administracións públicas, e da coordinación entre os seus servizos de prevención.

1.4. Fomentar a prevención e avaliación dos riscos psicosociais nas administracións ou organismos públicos, sexa cal sexa o seu ámbito de actuación.

1.5. Integración da prevención na Administración autonómica:

- Potenciando os servizos de prevención propios, asumindo todas as funcións, agás a vixilancia da saúde, dotándoos dos recursos

suficientes e axeitados para o desenvolvemento do seu labor en todas as consellerías.

- Implantando un procedemento de coordinación das actividades empresariais homoxéneo para todos os centros de traballo da Xunta de Galicia.

- Facilitando, por parte das unidades administrativas, a asistencia aos cursos de formación en prevención de riscos que impartan en horario laboral pola EGAP, o ISSGA ou outras unidades administrativas, tendo en conta as necesidades do servizo público.

1.6. Garantir, por parte das Administracións Públicas, que as empresas adxudicatarias dos concursos públicos cumpran a Lei de Prevención de Riscos Laborais e toda a normativa na materia.

1.7. Impulsar a inclusión e reforzo dos aspectos laborais no Plan de Drogodependencias”.

### Liña 2: Asesoramento sobre o cumprimento da normativa e a integración.

2.1. Realización de xornadas, seminarios, cursos, etc. con ocasión da entrada en vigor de nova normativa.

2.2. Difundir a normativa e as súas modificacións mediante actividades divulgativas, publicacións, e a web do ISSGA, establecendo nela un fondo documental.

2.3. Asesoramento directo a Pemes, Micropemes, autónomos e colectivos específicos.

2.4. Programas sectoriais específicos de asesoramento: fomento e divulgación de guías de boas prácticas.

### Liña 3: Accións para a mellora do cumprimento normativo.

3.1. Establecer como finalidade da recadación, consecuencia das sancións impostas polo incumprimento en materia de seguridade e saúde laboral, que esta poida destinarse a actuacións preventivas, preferentemente dirixidas ás pemes a través de accións de asesoramento, información e divulgación.

3.2. Programas dirixidos ás empresas cos maiores índices de sinistralidade.

3.3. Programas sectoriais específicos.

3.4. Actuación dos técnicos e técnicas habilitados.

3.5. Investigacións de accidentes ao abeiro do protocolo de colaboración coa fiscalía.

3.6. Propoñerlle á Administración Xeral do Estado o incremento do número de inspectores de traballo ata acercalo a parámetros da UE.

3.7. Poñer en marcha ó cumprimento do RD 597/2007, sobre publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais e da orde do 30 de xullo de 2008 (DOG do 7 de agosto), o rexistro de empresas sancionadas.

## **Obxectivo 2: Incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas.**

### Liña 1: Mellora dos recursos propios para a prevención

- Programas de avaliación da implantación dos sistemas de prevención nas pequenas e medianas empresas de Galicia.
- Favorecer a eficiencia e suficiencia dos recursos dos SPP.
- Promover e fomentar a formación de empresarios, mandos e traballadores en materia preventiva, especialmente en determinados sectores.
- Promover a constitución de Servizos de prevención mancomunados, a designación de persoas traballadoras e a asunción da prevención polo empresariado.

1.5. Creación dun rexistro de servizos de prevención mancomunados

1.6. Organizar actividades de actualización específica para os técnicos e técnicas e persoal sanitario dos servizos de prevención..

### Liña 2: Servizos de prevención externos

2.1. Definir e implantar criterios de calidade para garantir que os servizos de prevención externos avancen cara á prestación dun servizo homoxéneo e de calidade no ámbito da nosa comunidade.

2.2. Potenciar a actuación coordinada entre os diferentes servizos de prevención (propios e alleos) que poidan actuar nunha mesma empresa, e promover a integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa.

2.3. Aspectos de xestión: intensificar a coordinación das actuacións das administracións laborais, sanitaria e ITSS nos procedementos de acreditación e de control de servizos de prevención alleos.

2.4. Mellorar os sistemas de comunicación e colaboración entre os SPA, as empresas e a Administración.

### Liña 3: Sobre entidades formativas e auditoras

3.1. Seguimento e control de calidade polos órganos competentes das condicións de acreditación e de desenvolvemento da actuación das empresas autorizadas en Galicia para realizar auditorías e formación en prevención de riscos laborais.

## **Obxectivo 3: Fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo. Reforzar as institucións dedicadas á prevención de riscos laborais e a colaboración e coordinación entre elas.**

### Liña 1: Favorecer a participación dos axentes sociais e económicos

1.1. Fomento das actuacións de asesoramento, formación e divulgación

promovidas por estes axentes, coordinadas tamén cos programas das Administracións.

1.2. Fomentar a actuación conxunta de asociacións empresariais e sindicais e a Administración, na mellora das condicións de traballo de colectivos específicos e de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

1.3. Programas de formación prelaboral e inserción, de formación ocupacional e continua, de asesoramento ao empresariado e delegados de prevención.

1.4. Modificación do rexistro de delegados e delegadas de PRL.

1.5. Potenciar os contidos relativos á seguridade e saúde laboral nos convenios colectivos de acordo coa normativa vixente.

- Fomento da cultura preventiva y a integración da prevención.
- Vixilancia da saúde periódica e específica.
- Procedimentación da revisión e actualización da planificación preventiva.
- Fortalecemento do compromiso dos traballadores e delegados de prevención no cumprimento das súas obrigas preventivas.

1.6. Fomentar mecanismos de axuda á contratación de técnicos preventivos a dispor das organizacións socias e empresariais.

1.7. Mellorar as liñas de financiamento para novos proxectos en materia de prevención de riscos laborais.

1.8. Establecer unha regulación dos actuais Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.

1.9. En liña co punto 2 do obxectivo 3 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo (EESST), promoveranse no ámbito territorial acordos entre as organizacións empresariais, as organizacións sindicais e a Administración Autonómica para desenvolver programas de actuación para a promoción da saúde e seguridade no traballo, condicionado á existencia da correspondente convocatoria de asignación de recursos da “Fundación para la prevención de riesgos laborales” así como ao previo consenso dos ámbitos sectoriais aos que se dirixan

## Liña 2: Colaboración e coordinación entre Administracións.

2.1. No ámbito nacional, participando activamente nos órganos de participación en materia de Seguridade e Saúde no Traballo coa Administración Xeral do Estado e con outras Comunidades Autónomas.

2.2. Establecer de procedementos de actuación e colaboración, no ámbito autonómico, en materia de saúde laboral, entre os departamentos da Administración con competencias na materia.

2.3. Coordinación co INSS para o rexistro correcto de EEPP.

2.4. Reforzar as funcións de coordinación no ámbito do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e no ISSGA.

2.5. Implicar a atención primaria na comunicación de enfermidades profesionais, de xeito que dende o sistema público de saúde se poidan detectar enfermidades profesionais, coa colaboración e asistencia do ISSGA e as unidades de saúde laboral da inspección sanitaria.



2.6. Programas dirixidos ao desenvolvemento operativo e funcional e ao fortalecemento do ISSGA.

2.7. Programas ou acordos de cooperación coas Administracións Locais en materia de seguridade e saúde laboral.

2.8. Sinatura de convenios de colaboración con outras administracións e institucións,

Liña 3. promover a participación doutros actores.

3.2. Programas en colaboración con asociacións de sociedades e servizos de prevención e agrupacións empresariais e sindicais para desenvolver actuacións orientadas á mellora da prevención.

3.3. Establecer sistemas de participación doutros actores implicados na prevención.

**Obxectivo 4: Potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais.**

Liña 1. Implantación transversal da PRL no sistema educativo.

1.1. Integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal na formación regrada: ensino primario, educación secundaria obrigatoria (ESO), Formación Profesional e Ensino Universitario.

1.2. Realización dunha análise da situación actual na impartición de materias relacionadas coa prevención de riscos laborais e diagnóstico de necesidades.

1.3. Deseño de programas adaptados a diferentes niveis educativos, e dos materiais didácticos apropiados.

1.4. Mellora da capacitación do profesorado.

1.5. Integrar a PRL na formación non regrada dirixida ao emprego.

Liña 2: Capacitación de traballadores e empresarios.

2.1. Capacitación acerca dos riscos e medidas preventivas para colectivos específicos (empresarios, directivos e mandos directos e intermedios, persoas traballadoras, persoas traballadoras designadas, delegados e delegadas de prevención, coordinadores de seguridade, traballadores da construción).

2.2. Formación especializada para certos colectivos especiais (persoas con discapacidade, mozos, mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoal traballador especialmente sensible).

2.3. Formación sectorial sobre determinados riscos ou actividades concretas (traballos con amianto, risco químico, atmosferas explosivas, etc.)

Liña 3: Formación continua de profesionais da prevención:

Ademais das actividades mencionadas na liña 2:

3.1. Accións de actualización dos profesionais da prevención.

3.2. Formación de persoal sanitario con responsabilidades en patoloxía laboral.





- 3.3. Programa de formación de formadores.
- 3.4. Promoción da formación superior en prevención de riscos laborais.

### **Obxectivo 5: Introducir e consolidar a cultura da prevención na sociedade galega.**

#### Liña 1: Transversalizar a prevención en las políticas da Xunta (En relación co Obxectivo 3)

- 1.1. Fomentar a comunicación entre os departamentos da Xunta no eido da PRL para a integración desta nas súas políticas.
- 1.2. Acadar mecanismos de coordinación para a integración e difusión da cultura preventiva.

#### Liña 2: Accións de sensibilización e promoción

- 2.1. Campañas de sensibilización e concienciación, tanto de carácter xeral como específico sobre sectores de maior sinistralidade, riscos emerxentes, colectivos críticos, etc., a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios.
- 2.2. Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo (28 abril).
- 2.3. Semana Europea da Seguridade e Saúde no Traballo.
- 2.4. Presenza en Congresos e outros eventos relacionados co ámbito da prevención.
- 2.5. Presenza institucional nas actividades relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais.
- 2.6. Programa de actualización e mellora da páxina web do ISSGA.
- 2.7. Programas de deseño e realización de campañas de difusión e promoción da prevención no ámbito escolar, co fin de sensibilizar os alumnos na adopción de hábitos de conduta segura e saudable.
- 2.8. Establecer un plan de apoio e asistencia ás empresas, especialmente pemes e micropemes, incluíndo a promoción dos investimentos en prevención, e a mellora da formación e cualificación en prevención de riscos laborais dos recursos humanos destas.

### **Obxectivo 6: mellorar o nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral.**

#### Liña 1: Adquisición e difusión da información

- 1.1. Mellorar a calidade dos datos e a explotación da información dispoñible.
- 1.2. Garantir a información periódica sobre sinistralidade e enfermidades profesionais en Galicia, mediante o Observatorio Galego de condicións de traballo.
- 1.3. Desenvolver iniciativas para mellorar a declaración de enfermidades profesionais (en relación co Obxectivo 3, liña 2).
- 1.4. Impulsar a investigación sobre saúde laboral e prevención de riscos laborais.



1.5. Investigar os accidentes laborais e estudar a epidemioloxía das enfermidades profesionais tomando como base plans de actuación xerais ou sectoriais contra a sinestralidade por AT e EEPP.

1.6. Sistematización e informatización dos cuestionarios utilizados en cada un dos programas desenvolvidos para optimizar a análise da información recollida.

1.7. Mellorar a comunicación entre o ISSGA e os servizos de prevención e demais axentes implicados, para a divulgación de informacións sobre riscos e factores de risco emerxentes.

#### Liña 2: Análise da información

2.1. Realizar e difundir informes derivados das investigacións mencionadas na liña anterior.

2.2. Colaboración co Observatorio Estatal de Condicións de Traballo e os Observatorios doutras CCAA no intercambio de información.

2.3. Desenvolvemento dun Sistema de Información de Saúde Laboral: Implantación de procedementos de declaración de enfermidades profesionais.

2.4. Monitorización do custo económico e social das consecuencias da sinestralidade laboral e doutros indicadores de interese.

2.5. Analizar os riscos emerxentes e os danos que producen, considerando a accidentalidade vial como un deles.

#### Liña 3: Investigación aplicada

3.1. Potenciar a I+D+i en materia preventiva.

3.2. Participación na Rede Nacional de Institutos Públicos para a investigación en prevención de riscos laborais.

3.3. Programas de colaboración con outras institucións de carácter científico-técnico.

Tamén os fins e funcións legalmente asignados ao ISSGA, enmarcan as súas competencias e capacidades operativas, e ao mesmo tempo definen as tarefas que debe cumprir, polo que se lembran de seguido:

### **Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.**

#### **Artigo 3º.-Fins.**

1. Correspóndelle ao instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das

condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

2. Para o cumprimento dos seus fins o instituto:

- a) Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
- b) Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- c) Préstalles ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- d) Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
- e) Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non-regrado.

#### **Artigo 4º.-Funcións.**

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral realizará as seguintes funcións:

- a) Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.
- b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.
- c) Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.

- e) Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- f) Prestarlles colaboración, asesoramento técnico e coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- g) Efectuar plans e cursos de formación e accións informativas en relación coa seguridade e a saúde laborais.
- h) Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións representativas, en prol da mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.
- i) Estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.
- j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais das traballadoras e dos traballadores do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- l) Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- m) Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.
- n) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.
- ñ) Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións



da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.

o) Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.

p) Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.

q) Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.

r) Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.

s) En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

t) Actuar, con especial dedicación ás pequenas e medianas empresas, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.

u) Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.

v) Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei de prevención de riscos laborais.

## Medios humanos e materiais

As actividades a desenvolver durante o ano 2011 dependen tamén da capacidade operativa do Instituto, que á súa vez, ven condicionada polos medios á súa disposición, polo que se engade unha breve reseña aos mesmos:

### Orzamento

O proxecto de orzamento de gastos para o ano 2011 do ISSGA, supón un importe total de 7.413.781 euros, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade da unidade administrativa de Santiago e dos centros provinciais, e para investimentos de carácter material e inmaterial, que se distribúe segundo o cadro seguinte.

<b>ORZAMENTO DE GASTOS</b>	
<b>PERSOAL - CAPÍTULO I</b>	5.525.495
<b>BENS CORRENTES E SERVIZOS - CAPÍTULO II</b>	728.534
<b>INVESTIMENTOS REAIS - CAPÍTULO VI</b>	1.159.752
<b>TOTAL</b>	<b>7.413.781</b>

### Persoal

De igual xeito, no persoal do que dispón o Instituto reside fundamentalmente o potencial de execución das súas actividades. O cadro correspondente é o seguinte:

	Funcionarios	Laborais	Total
<b>Santiago</b>	21	0	21
<b>A Coruña</b>	33	7	40
<b>Lugo</b>	17	3	20
<b>Ourense</b>	15	3	18
<b>Pontevedra</b>	41	5	46
<b>TOTAL</b>	127	18	145

## **Estrutura**

De seguido expóranse as principais actuacións técnicas do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o ano 2011. Coma no ano anterior, xúntanse en epígrafes xenéricos, en función das súas características; neste ano, agrúpanse en sete eixos:

### Xestión de procesos:

Actuacións de carácter interno, encamiñadas á mellora funcional e de resultado do organismo.

### Observatorio Galego de condicións de traballo:

Polo seu cometido de obter, procesar e difundir información, interactúa practicamente con todas as demais actuacións, e ten unha actividade propia ao tratar e publicar os datos estatísticos e o coñecemento xerado por aquelas.

### Xestión da sinistralidade:

Procesos reactivos, derivados de danos xa producidos, cuxa investigación é necesaria con diversos fins, coma establecer accións preventivas ou informar a outros órganos administrativos ou xudiciais cando o soliciten.

### Accións de colaboración e asesoramento técnico:

O asesoramento a outros organismos, ás empresas e aos traballadores/as e os seus representantes, é unha actividade fundamental do ISSGA, figurando entre os seus fins, segundo o artigo 3 da Lei 14/2007. Recóllense neste apartado maioritariamente actuacións de carácter permanente, derivadas de encomendas ou da necesidade de apoio técnico doutros organismos da Administración, e en moitos casos non programables por seren función das demandas destes.

### Plans e programas de redución:

Actuacións de investigación, asesoramento e asistencia programadas por sectores ou fronte a riscos determinados, en función do seu estado de situación e da súa evolución, polo que a filosofía é que teñan un carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de poderlos reformular periódicamente.

### Formación, difusión e sensibilización:

Ademáis de constituír os obxectivos 4 e 5 do novo Plan estratéxico 2011-14, e do fins a) e e) do ISSGA, forman parte permanente da actividade do noso organismo, con tendencia a un permanente incremento do nivel técnico-



científico e da calidade, tanto das publicacións, cursos e xornadas coma da formación interna dos técnicos propios.

Pola súa banda, a sensibilización de colectivos concretos ou máis xenérica é imprescindible para instaurar unha cultura real da prevención.

#### Laboratorio de Hixiene analítica:

Pola súa consideración como órgano do Instituto, recollida no artigo 8 do Decreto 130/2008, a súa transversalidade coma servizo interno de apoio aos Centros no desenvolvemento de programas de investigación e control, e pola especificidade do seu labor, a súa actividade segregase neste epígrafe.

### **Cadro resumo de actuacións 2011**

<b>Xestión de procesos</b>		<b>Páx.</b>
XP 1	Sistema de información	<b>17</b>
XP 2	Instrucións de traballo e normalización de procesos	<b>18</b>
XP 3	Xestión de partes de accidentes de traballo	<b>19</b>
XP 4	Xestión documental	<b>20</b>
<b>Observatorio Galego de Condicións de Traballo</b>		
OGCT 1	Observatorio Galego de condicións de traballo	<b>21</b>
OGCT 2	Xestión de partes de accidentes de traballo	<b>19</b>
OGCT 3	Estatísticas de sinistralidade laboral	<b>22</b>
OGCT 4	Análise da sinistralidade laboral por accidente de tráfico	<b>23</b>
OGCT 5	Avaliación de resultado do Plan de loita	<b>23</b>
OGCT 6	Análise dos accidentes laborais por forma non traumática	<b>24</b>
OGCT 7	Análise dos accidentes laborais por sobreesforzos	<b>25</b>
OGCT 8	Análise dos accidentes da poboación inmigrante	<b>26</b>
OGCT 9	Investigación de accidentes de traballo	<b>27</b>
OGCT 10	Investigación de enfermidades profesionais	<b>29</b>
OGCT 11	Calculador de custos da sinistralidade	<b>30</b>
<b>Xestión da sinistralidade</b>		
XS 1	Investigación de accidentes de traballo	<b>27</b>
XS 2	Investigación de accidentes para a fiscalía	<b>28</b>
XS 3	Investigación de enfermidades profesionais	<b>29</b>



<b>Accións de colaboración e asesoramento técnico</b>		
CAS 1	Actuacións comprobatorias e de seguimento: actividade dos técnicos habilitados	<b>31</b>
CAS 2	Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores e traballadoras e os seus representantes	<b>32</b>
CAS 3	Colaboración con institucións e entidades	<b>33</b>
CAS 4	Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)	<b>34</b>
CAS 5	Grupos de Traballo propios e do Consello Galego de Seguridade e Saúde no Traballo	
CAS 6	Colaboración e asesoramento a organismos: DG Ordenación da SS: Informes coeficientes redutores	<b>35</b>
CAS 7	Colaboración e asesoramento a organismos: INSS; Equipos de valoración de incapacidades	<b>35</b>
CAS 7	Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras	<b>36</b>
CAS 9	Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Entidades e actividades formativas	<b>36</b>
CAS 10	Colaboración para a realización de actuacións policiais preventivas	<b>37</b>
CAS 11	Amianto (RERA E PLANS)	<b>38</b>
CAS 12	Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais	<b>39</b>
CAS 13	Colaboracións específicas con outros Institutos: factores ergonómicos no sector pesqueiro.	<b>40</b>
CAS 14	Colaboracións específicas con outros Institutos: vixiancia da saúde no sector pesqueiro.	<b>40</b>
CAS 15	Proxecto piloto de avaliación de riscos psicocociais na Administración.	<b>41</b>
CAS 16	Propostas de colaboración coa Autoridade sanitaria	<b>42</b>
<b>Plans de redución</b>		
PR 1	Programa de protección das traballadoras embarazadas	<b>43</b>
PR 2	Programa de loita contra a sinistralidade absoluta ou recorrente	<b>44</b>
PR 3	Programa de loita contra accidentes por sobreesforzos	<b>45</b>
PR 4	Mapa de riscos ergonómicos de Galicia	<b>46</b>
PR 5	Plan PEMES	<b>47</b>
PR 6	Prevención nos Autónomos	<b>48</b>
PR 7	Plan Grandes Obras	<b>49</b>
PR 8	Programa de Obras singulares	<b>50</b>
PR 9	Programa CASSCO, Colaboración e Asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción	<b>51</b>
PR 10	Programa Segumar	<b>51</b>



PR 11	Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (VIXIA)	52
PR 12	Programa de Seguridade Vial laboral	53
PR 13	Amianto: actuacións sectoriais	54
PR 14	Prevención do risco por sílice na transformación da pedra natural e nos traballos con compactos de cuarzo	55
PR 15	Mapa de risco químico de Galicia	56
PR 16	Prevención de riscos de explosión derivada de atmosferas explosivas (ATEX) en empresas de poliéster	57
PR 17	Estudo epidemiolóxico en canteiras	58
PR 18	Estudo de casos e de MTD en traballos con risco por exposición á sílice	59
<b>Formación, difusión e sensibilización</b>		
DFS 1	Publicacións	60
DFS 2	Sistema de consultas	61
DFS 3	Páxina web	61
DFS 4	Xornadas técnicas e seminarios propios	62
DFS 5	Xornadas técnicas e seminarios en colaboración	62
DFS 6	Cursos básicos de PRL	63
DFS 7	Aula virtual do ISSGA	63
DFS 8	Formación interna	64
DFS 9	Formación de formadores do sector agrario	64
DFS 10	Escola Galega de Prevención	65
DFS 11	Formación para a Administración local	66
DFS 12	Campaña de sensibilización para a poboación escolar	66
DFS 13	Participación institucional en eventos rexionais	67
DFS 14	Prevención de drogodependencias no ámbito laboral	67
DFS 15	Amianto: campaña informativa	68
<b>Laboratorio de hixiene analítica</b>		
LHA 1	Laboratorio de hixiene analítica: aseguramento da calidade	69
LHA 2	Laboratorio de hixiene analítica: normalización e posta a punto de métodos analíticos	69
LHA 3	Laboratorio de hixiene analítica: análises externas; publicación de prezos privados	70
LHA 4	Verificación das fichas de datos de seguridade de produtos químicos	70



## Actuacións

XP 1	<b>Sistema de Información</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A xestión da información é fundamental para a actividade de toda organización. No caso do ISSGA, polo seu carácter de organismo técnico-científico, é aínda máis importante dispor dunha explotación do coñecemento e da información xerada áxil e fiable. Por ilo, nun proceso de mellora permanente, continuarase a sistematizar os procedementos internos de investigación, control e xestión, proseguindo o desenvolvemento do fundamento informático para a administración (recompilación, organización e mantemento) e o posterior acceso á información que é xerada e procesada a diario polo ISSGA.</p> <p>Ao tempo servirá de base para desenvolver servizos de administración electrónica.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotar ao ISSGA dun sistema integrado e común que facilite a xestión e acceso á información manexada polas diferentes áreas departamentais.</li> <li>- Proporcionar un enlace directo cos sistemas corporativos da administración autonómica.</li> <li>- Mellorar a capacidade de explotación de información e a súa calidade.</li> <li>- 2011: Implementación de subsistemas de xestión integrada: módulos de medicina do traballo e administración.</li> <li>- 2011: Creación e utilización de bases de datos de apoio aos diversos programas operativos que o precisen.</li> </ul>					
Area funcional	SXAP SXTP	Colaboracións		Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Liña 2.7.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4.g)



XP 2	<b>Instrucións de traballo e normalización de procesos</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Aínda que a realidade sociolaboral de cada provincia é diferente, e as peculiaridades estruturais dos seus centros territoriais determinen certo grao de singularidade operativa, o funcionamento do ISSGA como organismo require que os procedementos, métodos de traballo e criterios de actuación sexan homoxéneos.</p> <p>No marco dos fins e funcións que a Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, a actividade dos centros integrase nunha unha actuación corporativa coherente, baseada na definición de criterios, instrucións, e procedementos comúns.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Normalizar os procesos e criterios mediante a redacción de instrucións de traballo e documentos similares.</li> <li>- Apoiar, na medida do posible, con ferramentas informáticas de axuda á sistematización da información, en concordancia coa actuación anterior.</li> <li>- 2011: Regularizar as actividades técnicas, cinguíndoas ás funcións do ISSGA definidas na Lei 14/2007.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección	SXAP SXTP	Colaboracións	Ámbito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Liña 2.7.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4.v)



<b>XP 3 OGCT 2</b>	<b>Xestión de partes de accidentes de traballo</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os datos recollidos nos partes de accidente de traballo son a base para a elaboración das estatísticas de sinistralidade, e diversas análises e estudos do Observatorio. A notificación dos accidentes laborais é responsabilidade do empresario perante á Autoridade Laboral, e faise a través do sistema telemático Delt@.</p> <p>Neste contexto, o ISSGA encárgase de validar a recepción dos partes; é dicir, a revisión dos datos cubertos nel, ben polo empresario ou pola entidade xestora colaboradora, para a súa recepción definitiva, contribuíndo deste xeito a depurar e mellorar a calidade da información de Delt@, e por tanto dos datos estatísticos e de planificación que del se extraen.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar a calidade do proceso de tramitación dos partes.</li> <li>- Dispoñer de datos fiables dos accidentes laborais para o seu tratamento e análise.</li> <li>- 2011: Implementar un novo aplicativo informático para a explotación da información contida nos partes, coma base para o Observatorio.</li> </ul>					
<b>Area funcional</b>	STP; SS	Colaboracións	MATEPS	<b>Sector/ ámbito</b>	Interno
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 1.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b)



XP 4	<b>Xestión documental</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A cantidade de documentación asociada á prevención dos riscos laborais é inxente:</p> <p>Por unha banda, a normativa, que abrangue non só ás disposicións directamente relacionadas, senón que tamén abarca á lexislación nas materias industrial, sanitaria, e outras; por outra, os documentos de carácter técnico ou divulgativo editados pola Axencia Europea de SST, polo INSHT, polos Institutos autonómicos, polos axentes sociais ao amparo das axudas da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais ou das axudas da D.X. de Relacións Laborais, etc.; a todo iste material hai que engadir as normas técnicas ISO-UNE-EN, os documentos de distintos observatorios ou axencias específicas (ECHA, OIT, OMS, etc.), e finalmente, os documentos de traballo dos grupos técnicos da CNSST, AENOR, e outros.</p> <p>Toda ista documentación precisa dunha xestión que engloba a tramitación da solicitude, a recepción, rexistro, mantemento das bases de datos e rutas de acceso, etc., para que deste xeito os técnicos de todos os centros poidan ter acceso directo á documentación existente en prevención de riscos laborais, e tamén para poñela a disposición dos visitantes da web do ISSGA.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter un sistema de xestión documental cos fondos bibliográficos existentes e coa adquisición e elaboración de novos documentos.</li> <li>- Actualizar na web o acceso á documentación.</li> </ul>					
Area funcional	SDFE	Colaboracións		Ambito/sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		



OGCT 1	<b>Observatorio Galego de condicións de traballo</b>			Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Creado coma un instrumento de xestión da información e análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora galega, recolle, e analiza os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico coma no social para orientar políticas na materia.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento integrado da prevención de riscos laborais.</li> <li>- Elaborar e publicar as estatísticas periódicas sobre sinistralidade..</li> <li>- Investigación e impacto dos programas públicos en prevención de riscos laborais.</li> <li>- Estructurar, manter, xestionar e difundir a información obtida.</li> <li>- Levar a cabo análises dos riscos laborais dende unha perspectiva de xénero e en relación con colectivos de traballadores especialmente sensíbeis.</li> </ul> <p>ESPECÍFICOS 2011</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicar as enquisas realizadas en 2010.</li> <li>- Implementar na web do ISSGA aplicacións para consultas sobre ditas enquisas.</li> <li>- Edición de publicacións técnicas.</li> <li>- Diseñar e desenvolver unha aplicación para consulta pública sobre custos da sinistralidade.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; STP; SS	Colaboracións	Ambito/ sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Todas as liñas	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º. b	



<b>OGCT 3</b>	<b>Estatísticas de sinistralidade laboral</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A estatística é unha ferramenta fundamental para obter información a partires de datos ou para desenvolver calquera proxecto de investigación. A análise dos datos estatísticos referentes aos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais constitúe un elemento esencial coñecer a evolución da sinistralidade e por tanto para a orientación e deseño dos plans de actuación preventiva e no seguimento da súa efectividade.</p> <p>Coñecer, tratar, elaborar os datos e difundir os correspondentes informes estatísticos sobre sinistralidade laboral, é una das funcións primordiais do ISSGA, ao proporcionar á sociedade unha importante información.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Extracción e tratamento dos datos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.</li> <li>- Análise estatística e agrupación por sectores e provincias.</li> <li>- Elaboración mensual de estatísticas de sinistralidade tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Publicación mensual e documento de compilación anual.</li> <li>- 2011: Poñer en uso unha aplicación de consultas públicas sobre sinistralidade laboral na web do ISSGA.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SS;	Colaboracións	ETML	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 1.2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b)





<b>OGCT 4</b>	<b>Análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Os accidentes de tráfico teñen un peso importante dentro da estatística de sinistralidade laboral; a redución nos últimos anos do número de vítimas neste tipo de accidentes non se reflicte na sinistralidade vial laboral que segue a medrar.</p> <p>Debido a isto, elaborárase e publicarase na web do Observatorio un estudo destes accidentes producidos por forma non traumática, de xeito que se poidan coñecer as súas causas para extraer conclusións efectivas para a súa prevención e redución.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise estatístico dos accidentes de traballo “in itinere” e en misión, desagregados por sexo, gravidade, tipo de contrato, tamaño de empresa e sector.</li> <li>- Elaboración e publicación na web do documento relacionado.</li> <li>- Análise das condicións e infraestrutura dos polígonos industriais de Galicia.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SS	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b

<b>OGCT 5</b>	<b>Avaliación de resultado do Plan de loita</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>O Plan de loita contra a sinistralidade vense desenvolvendo dende hai anos; porén non se fixo unha valoración rigorosa e sustentada en datos da súa efectividade, comprobando a evolución dos índices de sinistralidade das empresas visitadas.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contrastar a evolución dos índices de incidencia das empresas implicadas polo plan de loita dende a creación do ISSGA.</li> <li>- Reformular (ou non) o desenvolvemento operativo desta actuación, en función dos resultados obtidos</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; SS	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 2.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b



<b>OGCT 6</b>	<b>Análise dos accidentes laborais por forma non traumática</b>			Permanente	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>Os accidentes laborais catalogados na estatística como accidentes por forma non traumática, inclúen aqueles que se producen por infartos, derrames cerebrais e outras lesións non traumáticas.</p> <p>Este tipo de accidentes ten un importante peso na estatística de sinistralidade laboral, especialmente no que se refire aos accidentes mortais (máis dunha cuarta parte respecto do total de accidentes mortais no ano 2008).</p> <p>Debido a isto, elaborárase e publicarase na web do Observatorio un estudo destes accidentes producidos por forma non traumática, de xeito que se poidan coñecer as súas causas para extraer conclusións efectivas para a súa prevención e redución.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise estatístico dos accidentes de traballo producidos de forma non traumática, desagregados por sexo, tipo e sector.</li> <li>- Elaboración e publicación na web do documento relacionado.</li> </ul>					
Area funcional	SS; SEPA	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Liña 2.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b	



OGCT 7	<b>Análise dos accidentes laborais por sobreesforzos</b>			Permanente	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>Actualmente, na nosa comunidade os accidentes debidos a sobreesforzos son aproximadamente a terceira parte do total de accidentes con baixa acontecidos en Galicia, polo que se fai necesario realizar un seguimento destes.</p> <p>Ademais é preciso analizar estes accidentes tendo en conta a posibilidade da notificación errónea de casos que corresponden en realidade a enfermidades profesionais orixinadas por axentes físicos.</p> <p>Por todo isto, o ISSGA elaborará e publicará un estudo estatístico dos accidentes de traballo debidos a sobreesforzos, para un mellor coñecemento conducente a unha prevención máis eficaz.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo estatístico e análise dos accidentes de traballo por sobreesforzos segundo sectores e outras variables de interese.</li> <li>- Cuantificación dos partes de accidente por sobreesforzos que en realidade corresponden a enfermidades profesionais.</li> <li>- Elaboración e publicación dos documentos obtidos.</li> <li>- 2011: Extracción de datos de apoio ás actividades PR3 e PR4.</li> </ul>					
Area funcional	SS; SEPA	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liñas 2.1 e 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. b



<b>OGCT 8</b>	<b>Análise dos accidentes da poboación inmigrante</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Aínda que como consecuencia da crise a poboación inmigrante que traballa en Galicia diminuíu, e especialmente no sector da construción, de elevada incidencia na sinistralidade laboral, onde a porcentaxe de traballadores estranxeiros era moi significativa, aínda seguen a ser un colectivo numericamente importante, e en determinadas actividades, cun nivel de cualificación menor que o promedio.</p> <p>Ante esta situación, faise necesario realizar unha análise da incidencia na sinistralidade laboral da poboación inmigrante en Galicia e establecer unha comparación co resto da poboación, así como analizar tamén, as peculiaridades destes sectores produtivos con alta sinistralidade laboral.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a incidencia anual da sinistralidade na poboación laboral inmigrante en Galicia, identificando os sectores e tipoloxías mais comúns.</li> <li>- Análise de datos e comparanza ca poboación nacional.</li> <li>- Elaboración dos documentos correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	SS;	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6. Liña 2.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.b)	



<b>XS 1 OGCT 9</b>	<b>Investigación de accidentes de traballo</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións.</p> <p>Asemade, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás Autoridades Laboral, Sanitaria ou Xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Investigación dos accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.</li> <li>- Investigación de accidentes leves con características peculiares (número de accidentados, sector, etc.).</li> <li>- Calquera outro accidente a requirimento da ITSS ou autoridade xudicial.</li> <li>- Análise das causas e formas de produción e extracción das conclusións correspondentes.</li> <li>- 2011: Utilizar sistemáticamente a base de datos elaborada coas variables comúns recollidas, e publicar periodicamente un “Informe dos accidentes laborais en Galicia.</li> <li>- 2011: Formación interna dos técnicos do ISSGA como base para establecer criterios homoxéneos para a elaboración dos informes de investigación.</li> </ul>					
Area funcional	ETS	Colaboracións	AXEGA	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Liña 1.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.a)		



<b>XS 2</b>	<b>Investigación de accidentes para a fiscalía</b>			Permanente	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>Consonte ao protocolo de coordinación asinado entre a Consellería de Traballo (actualmente, Consellería de Traballo e Benestar) e o Ministerio Fiscal para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.</p> <p>Trátase neste caso de investigar a requirimento e con presteza os accidentes que puideran dar lugar á esixencia de responsabilidades penais.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación de quendas de garda para atención inmediata dos requirimentos recibidos.</li> <li>- Coordinación coas forzas e corpos de seguridade e coa Inspección de Traballo para unha atención inmediata.</li> <li>- Elaboración dos informes correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; XC ETS	Colaboracións	ITSS; Corpos e Forzas seguridade	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Liña 3.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.q)		



<b>XS 3 OGCT 10</b>	<b>Investigación de enfermidades profesionais</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A investigación das enfermidades profesionais e as súas repercusións, permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións.</p> <p>Asemade, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás autoridades laboral, sanitaria ou xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Investigar todas as enfermidades profesionais dos grupos 1,2,3,4,5 e 6, agás do grupo 2D, que por supor o 85% investigárase por incidencia.</li> <li>- Desenvolver unha instrución de traballo para a investigación das enfermidades profesionais cos aspectos a recoller, o formato do informe, os destinatarios dos informes da investigación, criterios de remisión á Inspección de Traballo, id. á empresa</li> <li>- Elaborar unha base de datos coas variables comúns recollidas, con miras a analizar resultados, carencias, infraccións, etc, e publicar periodicamente un "Perfil das enfermidades profesionais en Galicia".</li> <li>- Incluír aspectos relacionados co xénero.</li> <li>- 2011: Desenvolver e validar un cuestionario como ferramenta de axuda para a investigación das EP para a súa implantación por servizos e sociedades de prevención.</li> </ul>					
Area funcional	ETML	Colaboracións	ETH (Cando proceda)	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 1.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a)



OGCT 11	<b>Calculador de custos da sinistralidade</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En moitos casos, o investimento en prevención asumíase tradicionalmente como unha carga financeira para as empresas. Na situación actual de crise, a disposición a facer tal tipo de gastos vese aínda máis resentida, se non se ve un claro valor engadido derivado de tal esforzo, especialmente nas microempresas e PEME, pola súa menor capacidade económica.</p> <p>A mellor maneira de amosar a rendabilidade de facer prevención é posibilitar o cálculo dos custos derivados da sinistralidade laboral confrontándoo ao monto dos investimentos necesarios para previr, e evitar, dita sinistralidade.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implementar na web do Observatorio unha aplicación sinxela que posibilite o cálculo de custos derivados da sinistralidade laboral con baixa (autocalculador ao servizo das empresas).</li> <li>- Analizar métodos de cálculo e a súa posibilidade de aplicación coa información dispoñible, para o cálculo estatístico global dos custos da sinistralidade en Galicia.</li> </ul>					
Area funcional	SS; SXTP	Colaboracións	ISSL Murcia	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.b)





<b>CAS 1</b>	<b>Actuacións comprobatorias: actividade dos técnicos habilitados.</b>			Anual	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>En Galicia dispónse de doce prazas de técnicos habilitadas pola autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo.</p> <p>En 2009 desenvolveuse unha instrución de traballo sobre as súas actuacións e un aplicativo informático para rexistralas.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>As súas actividades, de acordo co artigo 1 da Lei 54/2003, programaranse na Comisión Territorial da ITSS. En todo caso, realizaranse as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Selección de empresas.</li> <li>- Desenvolver as actuacións comprobatorias acordadas, nos termos previstos na instrución 3/2009, segundo o procedemento establecido no RD 698/2005.</li> <li>- Rexistro informático e documental sistemáticos de todas as fases de dito procedemento.</li> <li>- Realizar unha memoria anual cuantitativa e cualitativa das actuacións comprobatorias realizadas.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; ETS	Colaboracións	ITSS	Ambito/ sector	Multisectorial/ PEME
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Liña 3.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.r)		



CAS 2	<b>Asistencia técnica a requirimento de organismos, empresas e traballadores e traballadoras e os seus representantes.</b>			Permanente
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>O ISSGA, como organismo técnico de referencia, e consonte aos fins que lle asigna a Lei 14/2007, nomeadamente a prestación ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestar asesoramento técnico aos colectivos mencionados en materia de seguridade e saúde laboral, dando resposta aos requirimentos que se reciban.</li> <li>- Elaboración de informes técnicos sobre condicións de traballo e cumprimento de normativa en materia de prevención de riscos laborais, investigación de danos para a saúde de orixe laboral, e remisión, no seu caso, á autoridade xudicial e á Inspección de Traballo e Seguridade Social.</li> <li>- Estudiar a posible elaboración dun protocolo de resposta ás solicitudes de asistencia técnica recibidas.</li> </ul>				
Area funcional	XC; EETT	Colaboracións	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.1;liña 2.3. Obx.5;liña 2.8.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.v)



<b>CAS 3</b>	<b>Colaboración con institucións e entidades</b>				Permanente	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>En cumprimento das nosas funcións a de colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras institucións e entidades tanto públicas como privadas, compe establecer mecanismos regrados de xeito que ditas colaboracións queden rexistradas e delimitadas.</p> <p>Por tanto propiciaranse as colaboracións que poidan redundar tanto na mellora das condicións de traballo en Galicia, como na adquisición de coñecemento preciso para lograla.</p> <p>Estas articularanse como acordos marco de colaboración, cando se pretenda que esta sexa estable e de longa duración, ou como convenios de colaboración ou protocolos de actuación que amporen actuacións máis concretas.</p>						
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar e promover actividades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, a redución dos riscos laborais, promover a investigación de novos métodos e técnicas de seguridade, etc.</li> <li>- Implicar a terceiros para mellorar o estado da PRL no seu ámbito.</li> <li>- Subscrición de convenios e /ou outros instrumentos de colaboración.</li> </ul>						
Area funcional	Dirección	SXTP SXAP	Colaboracións		Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Obxectivo 3 Toda a liña 3	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.q)



<b>CAS 4</b>	<b>Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Os Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST), permanentes ou temporais, créanse para o estudo de temas específicos ou cuestións concretas, determinando e especificando tanto as súas funcións coma a súa composición.</p> <p>En representación da Administración autonómica de Galicia, os técnicos do ISSGA colaboran nos traballos desenvolvidos por estes grupos, tendo por tanto unha intervención activa nos estudos e nas políticas preventivas de nivel estatal.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
Manter, e na medida do posible, ampliar a participación do ISSGA nestes grupos de traballo.					
Area funcional	Dirección; SXTP; XC	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.3;liña 2.1. Obx.6;liña 3.3.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.s)

<b>CAS 5</b>	<b>Grupos de Traballo propios e do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>A participación técnica das entidades representadas na Comisión de Goberno do ISSGA substanciase coa constitución de grupos de traballo sobre temas concretos no seo deste Instituto.</p> <p>Por outra banda, o CGSSL encomendou ao ISSGA a constitución e coordinación de dous grupos técnicos de traballo dos citados no artigo 17 da Lei 14/2007 (amianto e silicose).</p> <p>Asemade participa no grupo de desenvolvemento do Plan Estratéxico 2011-2014.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
Impulsar e coordinar as actividades dos Grupos propios. Cumprir a encomenda do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.					
Area funcional	Dirección; SXTP; XC	Colaboracións	Axentes sociais	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx.3;liña 1.2. Obx.3;liña 1.8.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.h), q)



<b>CAS 6</b>	<b>Colaboración e asesoramento a organismos DGOS: Informes de coeficientes redutores.</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. O Real Decreto 2366/1984, de 26 de decembro, sobre redución da idade de xubilación de determinados grupos profesionais incluídos no ámbito do Estatuto do Mineiro, require dun informe previo á resolución sobre a asignación dos coeficientes redutores.</p> <p>Estes informes realízaos o persoal técnico do ISSGA.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emisión dos informes correspondentes á avaliación dos postos susceptibles de asignación de coeficiente reductor.</li> <li>- Cumprimento do prazo máximo previsto na Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.</li> </ul>					
Area funcional	ETH	Colaboracións		Ambito/sector	Hixiene Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Liña 2.1.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.f)

<b>CAS 7</b>	<b>Colaboración e asesoramento a organismos Equipos de valoración de incapacidades.</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Consonte ao Art. 2.4.2 do Real Decreto 1300/1995, de 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do Sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, técnicos do ISSGA participan nos Equipos de Valoración de Incapacidades, a nivel provincial, informando sobre os expedientes e nos termos que lle son requiridos.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaborar coas direccións provinciais do INSS participando nos seus Equipos de Valoración de Incapacidades.</li> <li>- Emitir os informes e ditames que o Equipo solicite.</li> </ul>					
Area funcional	XC	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 3 Liña 2.3.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.f)



<b>CAS 8</b>	<b>Colaboración e asesoramento á autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras.</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. A acreditación pola autoridade laboral de servizos de prevención alleos e de entidades que desempeñen as actividades de auditoría, precisa de informes técnicos que elabora o ISSGA, segundo o especificado nos Arts. 27 y 33 do Regulamento dos Servizos de Prevención.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar as solicitudes remitidas pola autoridade laboral.</li> <li>- Verificar, por parte dos técnicos do ISSGA, o cumprimento das condicións de autorización ditadas pola autoridade laboral.</li> <li>- Emitir os informes correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; XC	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 2 Liña 2.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. m
<b>CAS 9</b>	<b>Colaboración e asesoramento á autoridade laboral: Entidades e actividades formativas.</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. A autorización pola autoridade laboral de entidades formativas e das súas actividades, precisa de informes técnicos que elabora o ISSGA, sobre os requisitos establecidos no Capítulo III da Orde do 27 de xuño de 1997 (ministerial) e no Art. 2 da Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar as solicitudes remitidas pola autoridade laboral.</li> <li>- Verificar, por parte dos técnicos do ISSGA, o cumprimento das condicións de autorización ditadas pola autoridade laboral.</li> <li>- Emitir os informes correspondentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; XC	Colaboracións		Ambito/sector	Formación
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 2 Liña 3.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. v



<b>CAS 10</b>	<b>Formación para a realización de actuacións policiais preventivas</b>				Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A colaboración XS2 denominada como “Investigación de accidentes para a fiscalía”, na que interveñen as forzas e corpos de seguridade é de carácter reactivo e cónguese ao protocolo citado na ficha desa actividade, intervindo despois de producido un accidente, para unha investigación rápida e eficaz.</p> <p>Sen embargo a actuación policial pode ter unha connotación preventiva coa detección de situacións de risco para os traballadores, en colaboración e apoio aos órganos da administración encargados de velar polo cumprimento da normativa sobre seguridade e saúde laboral.</p> <p>Galicia conta cunha Unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia, que realiza funcións de policía autonómica, e que pode desenvolver dita actuación preventiva, de conformidade co art. 38.1. c) da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.</p> <p>Formar en materia de prevención aos membros desta Unidade será o primeiro paso para conseguir, no futuro, a efectividade da colaboración citada.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>- Definir as necesidades de formación, e realizar as actividades académicas correspondentes en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública.</p>					
Area funcional	Dirección; SOTP	Colaboracións	DX Emerxencias e Interior; AGASP	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 1.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.q)	



<b>CAS 11</b>	<b>Amianto (RERA E PLANS)</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>En cumprimento da encomenda do desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ao traballos con risco de exposición ao amianto (Orde do 2 de decembro de 2008, DOG núm. 240 do 11 de decembro de 2008).</p> <p>Entre estas actividades están a xestión do Rexistro de empresas con risco pos amianto (RERA), a recepción e tramitación dos plans de traballo ata a súa aprobación, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que hai que realizar aos interesados, as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral, e a recepción e arquivo das fichas de avaliación da exposición dos traballadores.</p> <p>No ano 2009 elaborouse a Instrución 2/2009 que marca os criterios principais e procedementais polos que se rexe a actividade do ISSGA con respecto ó tratado neste epígrafe.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cumprimento de todas as tarefas relacionadas coa encomenda de xestión antes nomeada.</li> <li>- Uso sistemático da aplicación informática desenvolvida para a optimización da xestión de todos os datos relacionados cos trámites e rexistros sinalados.</li> <li>- Propiciar a colaboración con Sanidade para o rexistro de traballadores expostos.</li> <li>- Complementar estas accións coa elaboración de material impreso divulgativo-informativo.</li> <li>- Asesoramento ás empresas sobre requisitos do trámite administrativo.</li> </ul>					
Area funcional	SHI; ETH	Colaboracións	ITSS Autoridade laboral	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º s)





CAS 12	<b>Comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.</b>				Permanente
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Constituída en novembro de 2010 como órgano colexiado adscrito ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, consonte o <i>Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral</i> e o <i>Decreto 181/2008, do 24 de xullo, polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.</i>, coa composición expresada na Resolución de 14 de outubro pola que se crea e se nomean os seus membros.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propoñendo directrices sobre avaliación do risco para a saúde ou a seguridade da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación.</li> <li>- Asesorando as actuacións especiais en materia de prevención de riscos laborais que sobre sectores laborais feminizados realice a Administración Pública Autonómica.</li> <li>- 2011: Recompilando a información necesaria e realizando actividades de sensibilización e difusión para a consideración da perspectiva de xénero nas políticas preventivas de administración e empresas.</li> <li>- 2011: Con accións de divulgación e sensibilización mediante a organización de xornadas técnicas específicas e a edición de material impreso.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP	Colaboracións	Axentes sociais Cons.Traballo e B	Sector/ ámbito	Multisectorial
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 liñas 2.1. e 2.2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.d)



<b>CAS 13</b>	<b>Colaboracións específicas con outros Institutos autonómicos: Factores ergonómicos no sector pesqueiro.</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
No marco xeral de colaboración e intercambio de experiencias con outros Institutos, e en particular no grupo das Comunidades do Cantábrico, formado por ISSGA, IAPRL, Instituto Cántabro e OSALAN, desenvolverase un estudo das condicións ergonómicas dos traballadores da pesca de baixura.					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Caracterizar os factores que inciden no risco de TMEs neste sector, caracterizando o nivel de risco ergonómico, por tipo de embarcación e arte de pesca</li> <li>- Determinar a asociación causal de ditos factores cos datos de sinistralidade.</li> <li>- Promover a difusión de boas prácticas no sector.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; SXTP; SEPA	Colaboracións	IAPRL ICSST OSALAN	Ambito/ sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.c)

<b>CAS 14</b>	<b>Colaboracións específicas con outros Institutos autonómicos: Vixiancia da saúde no sector pesqueiro.</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
No mesmo marco de colaboración do grupo das Comunidades do Cantábrico, formado por ISSGA, IAPRL, Instituto Cántabro e OSALAN, desenvolverase un protocolo específico de vixilancia da saúde para os sector pesqueiro..					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar os factores específicos de risco por posto e arte.</li> <li>- Desenvolver o/s protocolo/s correspondientes.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; SXTP; ETMLCo	Colaboracións	IAPRL ICSST OSALAN	Ambito/ sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 liñas 1.4. e 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.n)



<b>CAS 15</b>	<b>Proxecto piloto de avaliación de riscos psicocociais na Administración.</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os riscos psicosociais son os menos considerados nas avaliacións de riscos e na planificación preventiva, en parte polos factores subxectivos que interveñen, pero fundamentalmente por derivaren máis da organización do traballo que de factores ambientais, polo que as medidas preventivas e correctoras son máis complexas de implantar.</p> <p>Sen embargo non son elementos secundarios. Segundo a Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo, o 22% dos traballadores europeos sofre de estrés, e entre o 50 e o 60% das baixas laborais están relacionadas con el.</p> <p>O novo Plan Estratéxico 2011-2014 contén unha medida de fomento da prevención e avaliación destes riscos nas administracións ou organismos públicos.</p> <p>Por outra banda, o ISSGA, órgano técnico científico referencial e da Administración debe capacitarse e adquirir os coñecementos necesarios para desenvolver axeitadamente o seu labor de asesoramento e asistencia.</p> <p>Para ilo, desenvolverase, coma experiencia piloto, a avaliación dos riscos psicosociais en un ou máis centros de traballo da Xunta onde sexan significativos polo tipo de actividade (asistencial ou educativa, p.e.), en colaboración co servizo de prevención propio.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Abordar de xeito práctico o estudo dos riscos psicosociais.</li> <li>- Validar os métodos e instrumentos dos que dispón o ISSGA, en paralelo coa realización da avaliación por parte do SPP da Xunta.</li> <li>- Definir un patrón e a sistemática para desenvolver labores de asesoramento e asistencia neste tópic.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; SEPA	Colaboracións	Cons Presidencia: SPP Xunta	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.k)	



<b>CAS 16</b>	<b>Propostas de colaboración coa Autoridade sanitaria</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A participación da Autoridade sanitaria, na parte que lle compete, é fundamental no deseño e desenvolvemento das políticas públicas de PRL. A necesidade de coordinación entre as Administracións competentes en materia laboral, sanitaria e industrial exprésase no artigo 11 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais.</p> <p>O artigo 10 desta Lei, e o Capítulo IV da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, definen en termos xerais as actuacións coas que facer efectiva dita participación. Parte destas actuacións son recollidas nas funcións n) e ñ) do ISSGA, en cuxa Comisión de goberno resérvase unha vicepresidencia para a persoa que represente á consellería competente en materia de sanidade.</p> <p>Compre que esta colaboración e coordinación vaia alén do carácter formal e se substancie de xeito operativo, como indican boa parte das accións da segunda liña do obxectivo 3 do Plan Estratéxico 2011-2014. Isto propiciaría un mellor coñecemento das patoloxías de orixe laboral e da súa prevaleza, a determinación da orixe laboral ou non de casos concretos, e unha declaración de enfermidades profesionais máis precisa e próxima ao número real de casos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Propiciar a colaboración coas unidades administrativas correspondentes da Consellería de Sanidade, para establecer mecanismos concretos de cooperación, fundamentalmente en catro temas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento do procedemento de comunicación que menciona o artigo 5 do RD 1299/2006.</li> <li>- Intercambio de información relativa a datos de exposición e vixiancia da saúde de traballadores expostos a amianto.</li> <li>- Vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral no ámbito estratéxico e operativo, consonte á función n) do ISSGA, das enumeradas no art. 4 da Lei 14/2007.</li> <li>- Asesoramento e asistencia técnica por parte do ISSGA na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención e mais na avaliación da súa actividade sanitaria, consonte á función ñ) do ISSGA, das enumeradas no art. 4 da Lei 14/2007.</li> </ul>					
Area funcional	Dirección; SXTP;	Colaboracións	Autoridade sanitaria	Sector/ ámbito	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.k)	



PR 1	<b>Programa de protección das traballadoras embarazadas</b>				Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O artigo 26 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, indica a obriga da toma en consideración da posible repercusión sobre o embarazo ou a lactancia das traballadoras, na avaliación dos riscos, e as medidas pertinentes, caso de detección de riscos.</p> <p>Pola súa banda, o R.D. 298/2009 inclúe dous anexos contendo unha lista non exhaustiva de axentes, procedementos e condicións de traballo que, respectivamente, poden influír negativamente na saúde das traballadoras nesta condición, ou aos que non se pode expoñer.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verificar a implantación da devandita obriga no desenvolvemento de todas as actuacións de asesoramento ou comprobatorias que nas empresas realicen os técnicos do ISSGA.</li> <li>- Determinar a existencia de condicións listadas nos anexos devanditos do RD 298/2009.</li> <li>- Cotexar que se preven as medidas expresadas no art. 26.1, ou no seu defecto, os postos exentos de risco a que se refire o art. 26.2.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; SEPA; EETT	Colaboracións	Comisión Igualdade	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Liña 2.2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.i)



PR 2	<b>Programa de loita contra a sinistralidade absoluta ou recorrente</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Clásicamente, o Plan de loita e os programas similares desenvolvidos en outras comunidades autónomas teñen en conta o índice de incidencia. Salvo excepcións, nas que se categorizan as empresas de xeito moi complexo, este planteamento penaliza ás empresas de menor tamaño, nas que os recursos para a prevención son máis limitados, e a aquelas cuxa actividade comporta máis riscos. Por lóxica, as empresas con actividades de baixo risco e gran tamaño deberían ter índices de incidencia moi por baixo da media.</p> <p>Por tanto, este programa reemplaza ao anterior Plan de Loita, e desenvolverase en dúas vertentes, partindo de dous listados de empresas elaborados consonte aos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Empresas con maior número absoluto de accidentes, tendo só en conta o seu índice de incidencia cando sexa menor ao promedio da súa actividade, caso no que quedarán excluídas deste programa.</li> <li>2. Empresas incluídas no Plan de loita en anos anteriores, e que seguen a cumprir as condicións polas que foran visitadas, a saber, ter máis de 3 accidentes e superar o índice de incidencia do seu sector por riba dun factor x1,5.</li> </ol>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de produción de accidentes.</li> <li>- Elaborar unha lista de empresas a partires dun umbral determinado.</li> <li>- Determinar a tipoloxía dos accidentes máis frecuentes e as súas causas.</li> <li>- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.</li> <li>- Comprobar, nos casos que sexa necesario ou conveniente, as condicións materiais ou técnicas preventivas, por parte de técnicos habilitados para tal función.</li> </ul>					
Area funcional	XCP; ETS; STP	Colaboracións	OGCT	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.1;liña 3.2. Obx.6;liña 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.a) e j)		



PR 3	<b>Programa de loita contra os accidentes por sobreesforzo</b>				Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Na maioría de comunidades autónomas véñense desenvolvendo dende hai anos plans ou programas específicos dirixidos ás empresas de alto índice de sinistralidade en relación co seu sector e cun número absoluto de accidentes por riba dun umbral. En Galicia, despois de realizar en 2010 un programa de redución dos sobreesforzos en empresas do comercio polo miúdo, esta acción dirixírase especificamente a empresas con índice elevado de accidentes por sobreesforzo, sobre a metodoloxía desenvolvida o ano anterior, pero ampliando o abano de actividades económicas.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a taxa de produción de sobreesforzos nas empresas que tivesen un elevado número de accidentes por sobreesforzo no ano 2010.</li> <li>- Determinar as causas destes accidentes, e optimizar a súa investigación desenvolvendo un cuestionario específico.</li> <li>- Valorar a adecuación da avaliación de riscos e planificación preventiva ás situación de risco analizadas.</li> <li>- Asesorar ás empresas sobre as medidas técnicas e organizacionais máis axeitadas para a redución deste tipo de sinistros.</li> <li>- Comprobar o cumprimento das recomendacións feitas nas empresas asesoradas no ano anterior.</li> </ul>					
Area funcional	XCP; ETS; STP	Colaboracións	OGCT	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 liñas 3.2. e 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a) e j)

PR 4	<b>Mapa de riscos ergonómicos de Galicia</b>			Trienal	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Tanto os accidentes por sobreesforzos como as enfermidades profesionais do grupo 2 axente D son as que teñen maior incidencia e prevalenza. O feito de que se cataloguen maioritariamente coma leves non reduce a súa importancia, dado o seu peso numérico. Por tanto, compre, asemade do programa anterior, investigar e caracterizar as actividades onde se presentan con máis frecuencia, os postos de maior risco e os tipos de patoloxías e accidentes máis frecuentes.</p> <p>A elaboración deste mapa permitirá, no futuro, definir de xeito máis preciso as liñas e actuacións a seguir para reducir a sinistralidade neste ámbito e establecer prioridades de actuación preventiva.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar as situacións de risco ergonómico (derivado da manipulación manual de cargas, posturas forzadas e movementos repetitivos) na poboación traballadora galega, segundo a actividade económica e incluíndo a perspectiva de xénero.</li> <li>- Seleccionar anualmente os sectores, actividades e empresas a estudar.</li> <li>- Valorar as avaliacións específicas realizadas polas empresas, tendo en conta tanto o seu contido como as medidas preventivas implantadas.</li> <li>- Identificar as actividades onde se están presentando os TME, postos de traballo con maior risco e tipo de patoloxías máis frecuentes.</li> <li>- Estimar o número de traballadores expostos, recollendo as variables de sexo, idade, antigüidade no posto e empresa.</li> <li>- Comunicar ás empresas implicadas as deficiencias detectadas</li> <li>- Desenvolver unha base de datos que recolla a información máis e permita a súa análise estatística.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; SEPA ETML	Colaboracións	OGCT	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 liñas 1.4. e 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a)	





PR 5	<b>Plan PEMES</b>			Plurianual	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter plurianual, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>A Estratexia Europea, a Española de Seguridade e Saúde no Traballo, e o Plan Estratéxico para a PRL en Galicia recollen amplamente as PEMES como receptoras preferentes do apoio das institucións para o cumprimento das súas obrigas, e facilitarlles a xestión da prevención mediante accións de asesoramento.</p> <p>O 99,9% das empresas españolas son PEME, e baixando ás microempresas, estas empregan a máis do 50% dos traballadores, polo que as accións encamiñadas á mellora da súa prevención terán unha importante incidencia.</p> <p>Ao marxe doutras accións contidas neste Plan, con orientación prioritaria sectorial (programa CASSCO, Plan Vixía, etc.) precísase dunha acción global de asesoramento.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer mecanismos de información e asesoramento específicos para este estrato, accesibles e sinxelos.</li> <li>- Consolidar os contidos virtuais elaborados implantando a campaña virtual específica na web do ISSGA.</li> <li>- Desenvolver, tamén na web, canles de participación e interactividade, especialmente para consultas en materia preventiva.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP	Colaboracións	Diversas	Ambito/ sector	PEME Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 2.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.t)



PR 6	<b>Prevencción nos autónomos</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Na economía de Galicia, algúns sectores de tradición e peso, como a actividade agrícola, a pesca e o pequeno comercio susténtanse fundamentalmente na actividade de traballadores autónomos.</p> <p>A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo, dedica o seu artigo 8º á prevención de riscos laborais, recalcando o papel activo que as Administracións Públicas competentes deben de asumir en relación coa prevención de riscos laborais dos traballadores autónomos</p> <p>En consoancia, o ISSGA desenvolveu durante 2010 actuacións específicas de mellora da integración da prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos, fundamentalmente con accións de formación nos sectores arriba citados, e colaborando en campañas informativas na hostalaría da provincia de Pontevedra.</p> <p>Asemade, esta actividade de formación e sensibilización complementase coa oferta da realización gratuita da vixilancia da saúde a este colectivo.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>O obxectivo xeral é integrar a prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos.</p> <p>Como obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer mecanismos de información e asesoramento técnico ao traballador autónomo.</li> <li>- Colaboración nas tarefas de vixilancia da saúde.</li> <li>- Facilitarlle a formación en materia de prevención de riscos laborais.</li> <li>- Promover a cultura preventiva neste colectivo.</li> <li>- 2011: Propiciar a colaboración con asociacións de hostalería para a realización dun estudo epidemiolóxico sobre traballadores deste colectivo.</li> <li>- 2011: Completar o estudo epidemiolóxico sobre traballadores expostos a praguicidas iniciado en 2010 en virtude do Convenio de colaboración asinado.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP; ETML	Colaboracións	Diversas	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Liña 2.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.t)		



PR 7	<b>Plan de Grandes Obras</b>				Anual
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este Plan enmárcase dentro da colaboración e a asistencia técnica que o ISSGA presta á ITSS, desenvolvéndose con visitas conxuntas técnico-inspector, ou a lo menos, coordinadas.</p> <p>A gran obra civil presenta peculiaridades dende o punto de vista preventivo, tanto pola súa magnitude, implicando a numerosos traballadores, e habitualmente a gran número de empresas cunha complicada estrutura organizativa de subcontratacións, como pola utilización de técnicas construtivas complexas e novidasas, os dilatados prazos de execución, e moitas veces o carácter de mobilidade cando se trata de infraestruturas viarias. Por iso, é preciso un tratamento diferenciado, tanto dende o punto de vista do asesoramento como do control da práctica da prevención en este tipo de obras.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestar asistencia técnica e colaboración á ITSS.</li> <li>- Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de seguridade e hixiene das obras civís de gran entidade.</li> <li>- Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde destas obras.</li> </ul>					
Area funcional	XC; STP; ETS	Colaboracións	ITSS	Ambito/ sector	Construción
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º. j)



PR 8	<b>Programa de Obras Singulares</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este programa complementa dalgún xeito ao anterior, pero será realizado preferencialmente só por técnicos do ISSGA, e en obras diferentes das definidas para aquel, da tipoloxía de obra civil.</p> <p>A gran obra civil presenta peculiaridades dende o punto de vista preventivo, tanto pola súa magnitude, implicando a numerosos traballadores, e habitualmente a gran número de empresas cunha complicada estrutura organizativa de subcontratacións, como pola utilización de técnicas construtivas complexas e novidosas, os dilatados prazos de execución, e moitas veces o carácter de mobilidade cando se trata de infraestruturas viarias.</p> <p>Asemade, a visibilidade dos accidentes que se producen nestas obras non se corresponde coa realidade da súa incidencia, e ten un efecto negativo sobre a percepción sobre as condicións de seguridade nas que se desenvolven.</p> <p>Por iso, é preciso un tratamento diferenciado, tanto dende o punto de vista do asesoramento como do control da práctica da prevención en este tipo de obras.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Definir as obras a incluír neste programa.</li> <li>- Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de seguridade e hixiene das obras civís de gran entidade.</li> <li>- Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde destas obras.</li> <li>- Definir e protocolizar as actividades técnicas do ISSGA neste eido.</li> </ul>					
Area funcional	XC; STP; ETS;	Colaboracións		Ambito/sector	Construción
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 3.3.	Lei 14/2007:	Funcións do ISSGA	Artigo 4º.j)



<b>PR 9</b>	<b>Programa CASSCO: Colaboración e Asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción</b>				Plurinual
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter plurianual, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Iniciado en 2009 en virtude dun convenio de colaboración entre o ISSGA e a Fundación Laboral da Construción en Galicia, este programa consiste no asesoramento voluntario en materia de PRL en obras, preferentemente de edificación e executadas por PEMES, coa realización de visitas a pé de obra e a emisión de informes técnicos con diagnóstico de situación e propostas de corrección e mellora.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asesorar e informar sobre as obrigas normativas e novidades legislativas en materia de PRL nas obras de edificación.</li> <li>- Detectar actos e condicións inseguras, informando á empresa e asesorar sobre a súa corrección.</li> <li>- Detectar necesidades formativas de empresarios e traballadores.</li> <li>- Comprobar a adecuación da xestión da PRL nas obras.</li> <li>- Verificar a adecuación e mantemento dos equipos de traballo.</li> <li>- 2011: elaborar un informe final deste Programa.</li> </ul>					
Area funcional	SXTP	Colaboracións	FLC Galicia	Ambito/sector	Construción
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 2.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.k) e t)
<b>PR 10</b>	<b>Programa Segumar</b>				Anual
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter plurianual, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Colaboración entre os Ministerios de Fomento, Traballo e Inmigración, de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e a Consellería de Traballo na realización de inspeccións a buques en Galicia por equipos multidisciplinares coa participación de técnicos do ISSGA. Continuarase a realizar en 2011.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
Reducir a sinistralidade laboral en buques de pesca					
Area funcional	ETS	Colaboracións	ITSS, ISM, MFOM	Ambito/sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a)



PR 11	<b>Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (VIXIA)</b>			Anual	
<p><b>Descrición*:</b></p> <p>*Esta actividade, de carácter plurianual, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>O sector da pesca é un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco, debido as súas peculiaridades, entre as que cabe subliñar a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda.</p> <p>A prevención dos riscos deste sector presenta por tanto unha grande dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan a toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en alta mar.</p> <p>O Plan Vixía vense desenvolvendo dende 2000 con resultados satisfactorios.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Xeral:</p> <p>Reducir a sinistralidade e mellorar as condicións de vida, traballo e saúde a bordo dos traballadores do sector pesqueiro.</p> <p>Específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar os hábitos laborais dos profesionais do mar e o uso de material e equipos de traballo.</li> <li>- Implantar unha concienciación preventiva no sector.</li> <li>- Abordar modelos preventivos específicos diferenciando as distintas actividades levadas a cabo no mar.</li> <li>- Impulsar modelos de xestión preventiva acomodados para o sector, como poden ser os servizos de prevención mancomunados.</li> <li>- Aumentar o grado de coñecemento da situación sociolaboral do sector marítimo-pesqueiro e establecer os medios precisos para o seguimento continuo da situación.</li> <li>- Velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais nacional, comunitaria e internacional no sector marítimo-pesqueiro.</li> </ul>					
Area funcional	ETS	Colaboracións	Cons. Mar ITSS	Ambito/ sector	Pesca
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a)



PR 12	<b>Programa de Seguridade Vial laboral</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os accidentes de tráfico teñen un peso importante dentro da estatística de sinistralidade laboral; a redución nos últimos anos do número de vítimas neste tipo de accidentes non se reflicte na sinistralidade vial laboral, polo que se fai necesario adoptar medidas que axuden a diminuír os accidentes de tráfico ligados aos accidentes, especialmente “en misión”.</p> <p>Por todo isto, estableceuse en 2010 un programa de seguridade vial que contemplaba a concienciación e sensibilización cara a condutas viais seguras, coa realización de xornadas de sensibilización e a edición de material informativo (carteis, dípticos e cuadrípticos).</p> <p>En 2011 estas accións xenéricas de sensibilización complementaríanse con actuacións puntuais de asesoramento nas empresas con maior incidencia deste tipo de accidentes.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>O obxectivo xeral é diminuír o número de accidentes de tráfico, especialmente “en misión”.</p> <p>Os obxectivos específicos son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concienciar e sensibilizar a poboación traballadora do problema dos accidentes de tráfico establecendo mecanismos de información axeitados.</li> <li>- 2011: Asesorar ás empresas de maior sinistralidade vial sobre a necesidade de avaliar tamén os riscos asociados aos desplazamentos, e telos en conta na planificación da prevención.</li> </ul> <p>Este asesoramento farase, de ser o caso, en coordinación coa ITSS.</p>					
Area funcional	ETS	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 6 Liña 2.5.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.a)



PR 13	<b>Amianto: actuacións sectoriais</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Durante o ano 2010 realizouse unha campaña informativa sobre as obrigas que impón o RD 396/2006, de inscrición no RERA e contar cun plan de traballo aprobado, nas actividades de transporte e xestión de residuos e de abastecemento e saneamento, co resultado dun notable incremento no número de empresas inscritas no RERA.</p> <p>En 2011 ampliárase o abano de actividades produtivas a informar, engadindo ás empresas que realizan demolicións, ás que instalan e repoñen cubertas de edificios, e a asociacións profesionais de persoas que desenvolven oficios con risco de exposición a MCAs.</p> <p>Ao tempo, realizárase unha comprobación sobre as empresas informadas en 2010 que non se inscribiron no RERA.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Obxectivo global:</p> <p>Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto RD 396/2006</p> <p>Obxectivos específicos 2011:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Informar ás empresas de demolicións e de cubertas, e asociacións profesionais co fin de que executen os seus traballos ao abeiro do RD 396/2006, de existir risco por amianto.</li> <li>- Prestar a información e o asesoramento necesarios para o cumprimento do RD396/2006 (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde....).</li> </ul>					
Area funcional	SHI	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 Liña 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.t)	





PR 14	<b>Prevenición do risco por sílice na transformación da pedra natural e nos traballos con compactos de cuarzo</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Os traballos con pedra natural en talleres e marmolerías comportan a exposición dos traballadores a pó de sílice. Este risco de exposición incrementouse dende que se manipulan materiais sintéticos coma os compactos de cuarzo. Estes conteñen ate un 95% desta sustancia, e polo tanto as operacións de mecanizado, cortes e retoque destes materiais, son susceptibles de desprender polvo con alto contido en sílice cristalina, se non se utilizan medidas adecuadas de control.</p> <p>Nos últimos anos producíronse varias alertas sobre o incremento observado de casos de silicose entre os traballadores que manipulan estes materiais. A máis desta patoloxía, compre ter en conta que a Axencia internacional para a investigación sobre o cancro (IARC) cataloga a sílice cristalina coma carcinóxeno de Clase 1 (carcinóxeno en humanos).</p> <p>Pola súa perigosidade, e a raíz das devanditas alertas, compre unha acción alén da desenvolvida en 2010 polo ISSGA coa realización dunha xornada técnica sobre este tópico, asesorando e comprobando as condicións nas que se está a traballar nos talleres onde se preparan e mecanizan estes compactos.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a exposición á sílice cristalina dos traballadores que manipulan estes materiais.</li> <li>- Comprobar as condicións de traballo e medidas de control do risco nas empresas.</li> <li>- Asesorar sobre os riscos e a corrección de deficiencias preventivas e verificar o cumprimento das medidas propostas.</li> <li>- Colaborar, no seu caso, coa ITSS no desenvolvemento desta actuación.</li> <li>- Realizar unha campaña informativa para os traballadores e traballadoras deste subsector, en colaboración, no seu caso, cos axentes sociais.</li> <li>- Propiciar a realización dun estudo epidemiolóxico baseado nos datos dispoñibles da vixilancia da saúde dos traballadores do sector.</li> </ul>					
Area funcional	STP; ETH	Colaboracións		Ambito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 1 líñas 2.3 e 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.j) e t)	



PR 15	<b>Mapa de risco químico de Galicia</b>			Bienal
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Comezado en 2010, consiste na elaboración dun mapa dos riscos xerados pola utilización de produtos químicos por sectores e subsectores de actividade, territorios e empresas, segundo criterios de prioridade.</p> <p>O RD 374/2001 recolle a obriga do empresario de determinar a existencia e avaliar os riscos para a saúde e seguridade dos traballadores orixinados por axentes químicos. A sistemática deste tipo de avaliacións está a ser revisada, tanto polos novos métodos de avaliación simplificados como por unha nova regulamentación en materia de notificación de novos produtos químicos e de clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos presentes no mercado europeo.</p> <p>Este mapa permitirá definir dun xeito preciso os produtos químicos máis utilizados na comunidade autónoma e os sectores implicados, centrar neles as actuacións que se consideren convenientes, tanto de tipo formativo como de asesoramento sobre a correcta avaliación dos riscos derivados da presenza destes axentes e as medidas preventivas que reduzan ou eliminen os riscos.</p> <p>En 2011 comezará unha segunda fase, ampliando o número de empresas.</p>				
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar as empresas con risco químico en Galicia.</li> <li>- Identificar os produtos químicos que se manexan nas empresas (materias primas, produtos intermedios e produtos finais).</li> <li>- Identificar exposicións inadvertidas a produtos do ámbito de aplicación do RD 665/1997 de axentes canceríxenos e a outros produtos de especial perigosidade.</li> <li>- Identificar número de traballadores expostos.</li> <li>- Comunicar ás empresas implicadas as exposicións inadvertidas.</li> <li>- Obter unha base datos que recolla a información máis relevante dos produtos químicos máis utilizados na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Difundir ás empresas os resultados e a base de datos citada.</li> </ul>				
Area funcional	SXTP; XCCo SHI; ETH	Colaboracións		Ambito/ sector Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 6 Liña 1.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.k)	



PR 16	<b>Prevención de riscos de explosión derivada de atmosferas explosivas (ATEX) en empresas de poliéster</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A avaliación de riscos derivados de atmosferas explosivas é un requisito legal que debe cumprir calquera empresario que sexa titular de instalacións nas que se utilicen substancias susceptibles de orixinar atmosferas explosivas. Nestes casos, tamén é de obrigada realización o documento de protección contra explosións, que debe configurar un informe completo do proceso de avaliación do risco e reflectir aquelas medidas técnicas e organizativas que se aplican para a prevención e protección contra explosións.</p> <p>No ano 2010, entre os accidentes relacionados con atmosferas explosivas, destacou o dunha empresa dedicada á fabricación de artigos de materias plásticas e de caucho en Pontevedra.</p> <p>Esta actuación consistirá no asesoramento, por parte de técnicos do ISSGA ás empresas de fabricación de pezas de poliéster que utilicen destiladoras para a recuperación de disolventes usados.</p> <p>Ademais, a formación de técnicos do Issga especializados nesta materia e o asesoramento ás empresas e reforzarse coa realización dunha xornada técnica específica no centro do ISSGA de Ourense.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar que a empresa dispón da preceptiva avaliación do risco de explosión durante a manipulación da maquinaria, así como da planificación preventiva derivada da avaliación anterior.</li> <li>- Asesorar sobre as medidas correctoras axeitadas.</li> </ul>					
Area funcional	XC; ETH; SXTTP	Colaboracións		Ambito/sector	Industria poliéster
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx.1;liña 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.a), j)		



PR 17	<b>Estudo epidemiolóxico en canteiras</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Con certa periodicidade, o ISSGA realiza estudos técnico-hixiénicos e epidemiolóxicos en explotacións mineiras e empresas de primeira transformación, con ámbito provincial e en colaboración coa autoridade mineira, competente en materia preventiva neste sector.</p> <p>Este estudos abranguen tanto a análise por posto das condicións de traballo en relación coa exposición a ruído e pó, como o recoñecemento específico dos traballadores para avaliar o seu estado de saúde, e en particular, a presenza de patoloxías relacionadas con axentes devanditos.</p> <p>En 2010 iniciouse o estudo das canteiras de lousa da provincia de Lugo, e completárase neste ano, no que tamén se engadirán as explotacións da provincia de A Coruña, en colaboración coa S. Xeral de Minas da Consellería de Economía e Industria.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Completar o estudo epidemiolóxico médico-técnico nas explotacións de lousa e canteiras de granito de Galicia.</li> <li>- Coñecer o estado dos niveis de pó e ruído nesta actividade.</li> <li>- Sabida a relación de causalidade, determinar o estado de saúde dos traballadores afectados e aprevalenza das patoloxías asociadas aos riscos hixiénicos.</li> <li>- Propoñer, no seu caso, medidas preventivas para reducir ditos riscos e/ou os seus efectos sobre a saúde dos traballadores.</li> </ul>					
Area funcional	ETMLCo; ETHCo	Colaboracións	SX Minas	Ambito/ sector	Coruña, Lugo Extractivas
Plan Estratégico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Liña 3.1.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.k)



PR 18	<b>Estudo de casos e de MTD en traballos con risco por exposición á sílice</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A aprobación na CNSST dun novo valor límite ambiental (VLA) para a sílice cristalina cunha redución substancial e unha data concreta de aplicación a medio prazo, fará preciso que en moitas das empresas nas que existe este risco, as medidas preventivas se teñan que adecuar a esta nova situación.</p> <p>Ao tempo, certas afirmacións de que coa técnica actual non se pode rebaixar a concentración de SiO<sub>2</sub> en determinadas operacións, polo que non será factible cumprir este novo VLA, precisan ser confirmadas ou rexeitadas para, concomitantemente, modificar os procesos ou determinar as tecnoloxías máis axeitadas.</p> <p>En consecuencia, o ISSGA realizará a investigación, teórica e de campo, do estado tecnolóxico actual de implantación, e da eficacia e eficiencia de distintos métodos de redución de pó ambiental para determinar as mellores técnicas dispoñibles (MTD) en función das operacións/procesos e das condicións de traballo, que permitan a adopción das medidas preventivas máis axeitadas para cada caso.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar un estudo do “estado da arte” das medidas de control deste risco.</li> <li>- Analizar o nivel e grao de implantación actuais de tecnoloxías de redución de pó de sílice en empresas de Galicia con risco.</li> <li>- Determinar de xeito práctico a efectividade de diversos métodos e equipos, en relación coas actividades ou procesos xeradores de risco.</li> <li>- Definir as MTD para ditos procesos.</li> <li>- Asesoramento ao sector baseado nas conclusións obtidas.</li> </ul>					
Area funcional	ETH; SXTTP	Colaboracións	DX Indust. Enerxía e Minas	Ambito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx. 6 liña 1.1 Obx. 4 liña 3.3	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.a), j)		



DFS 1	<b>Publicacións</b>			Permanente	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O ISSGA, como organismo científico-técnico referente da prevención en Galicia é xerador dun coñecemento que se debe transmitir aos interesados na prevención de riscos laborais e a sociedade en xeral. Tamén deben comunicarse os constantes cambios técnicos e normativos.</p> <p>A actividade de 2010 propiciou a edición de diversas publicacións de carácter divulgativo e técnico: guías técnicas sectoriais, guías básicas, publicacións do Observatorio, e con carácter permanente, follas de prevención.</p> <p>Estas publicacións acadaron un significativo nivel de calidade, que compre manter, se non mellorar na medida do posible.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción de condutas preventivas a través de publicacións de interese en prevención de riscos laborais.</li> <li>- Manter a publicación das “Follas de Prevención”.</li> <li>- Editar publicacións monográficas dirixidas a sectores de actividade concretos.</li> <li>- Ampliar a capacidade de difusión do coñecemento xerado.</li> <li>- Transmitir os resultados das investigacións e estudos realizados polo ISSGA.</li> <li>- 2011: Presentación das publicacións derivadas da actividade do Observatorio no ano 2010; enquisas de traballadores, de empresas e de parques industriais; estatísticas de sinistralidade; guías básicas en prevención.</li> <li>- 2011: Elaboración de novos materiais de difusión en forma de cartéis, dípticos e polípticos, e reedición dos máis significados do ano anterior.</li> <li>- 2011: Actualizar para a web do ISSGA a Guía de avaliación de riscos da Xunta, introducindo as modificacións normativas recentes.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SDFE	Colaboracións	Diversas	Ambito/ sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx. 1 liña 2.2 Obx. 4 liña 2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.g)		



<b>DFS 2</b>	<b>Sistema de consultas</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Dende a creación do ISSGA as consultas feitas por terceiros non deixaron de aumentar no seu número. Por esta cuestión, regularizouse o proceso interno de contestación destas consultas (telefónicas, formuladas de forma persoal, vía web, correo postal, correo electrónico ou fax), mediante o Protocolo 1/2009, para desta maneira conseguir unha maior calidade e estandarización na prestación deste servizo.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
- Dar resposta de calidade a todas as consultas técnicas formuladas a este organismo.					
Area funcional	STP; XC	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Toda a liña 2	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)

<b>DFS 3</b>	<b>Páxina web</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>Plataforma de comunicación que facilita a participación de toda a comunidade galega, e lle proporciona información sobre a actividade do ISSGA, o coñecemento por el xerado, e, en xeral, as novas que no eido da prevención se poidan producir. A actualización constante dos seus contidos supón un importante esforzo.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
- 2011: presentación dun novo formato da páxina web, de nova imaxe e adaptando contidos cun apartado específico do Observatorio, mellorando a súa funcionalidade, asemade doutras novidades.					
Area funcional	SXTP; STP; SDFE	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Liña 2.6.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)



<b>DFS 4</b>	<b>Xornadas técnicas e seminarios propios</b>				Permanente
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade, de carácter permanente, ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior. Os cambios permanentes das actividades e procesos produtivos, a introdución de tecnoloxías novas e a promulgación de nova normativa fai precisa unha actualización permanente de coñecementos no eido da PRL para adecualos progreso tecnolóxico, científico e lexislativo.</p> <p>A divulgación destes coñecementos é unha parte fundamental da PRL; o sexto obxectivo da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo consiste en potenciar a formación en materia de prevención dos riscos laborais. O labor do ISSGA neste ámbito deberá de seguir sendo un dos seus maiores obxectivos.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programación e organización de xornadas técnicas de actualización de coñecementos así como de divulgación xeral e específica, de elevada calidade.</li> <li>- Formar a técnicos de prevención, delegados de prevención, empresarios, profesionais liberais, etc., en materias específicas relacionadas coa PRL.</li> </ul>					
Area funcional	SFC; SDFE	Colaboracións	ET	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 1 liña 2.1 Obx. 4 liña 3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)

<b>DFS 5</b>	<b>Xornadas técnicas e seminarios en colaboración</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Partindo das consideracións da acción anterior, o ISSGA, como órgano técnico-científico da administración debe ser referente na difusión do coñecemento en materia preventiva, concentrando nos seus Centros accións formativas, non só propias, senón tamén en colaboración con outras entidades, de xeito que se conviryan en focos de transmisión de saber preventivo.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover a celebración de xornadas técnicas de PRL nos CSSL, organizadas por outras entidades ou en colaboración co ISSGA.</li> <li>- Formar a técnicos de prevención, delegados de prevención, empresarios, profesionais liberais, etc., en materias específicas relacionadas coa PRL.</li> </ul>					
Area funcional	SFC;SDFE	Colaboracións	Diversas	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obx. 1 liña 2.1 Obx. 4 liña 3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)





<b>DFS 6</b>	<b>Cursos básicos de PRL</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
Acción formativa impartida nos catro Centros do ISSGA que corresponde ao contido mínimo do programa para o desempeño das funcións de nivel básico de acordo co anexo IV do Regulamento dos Servizos de Prevención.					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proporcionar a empresarios, traballadores, autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención, a formación suficiente e axeitada que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico especificadas no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, que permita a súa participación na promoción da prevención nas súas empresas.</li> <li>- 2011: compatibilizar estes cursos coa obtención da TPC, en cumprimento do Convenio de colaboración asinado coa Fundación Laboral da Construción.</li> </ul>					
2011: compatibilizalos tamén coa obtención da tarxeta do metal.					
Area funcional	SFC	Colaboracións	Diversas	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Liña 2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)

<b>DFS 7</b>	<b>Aula virtual do ISSGA</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
A aula virtual do ISSGA imparte en liña varias edicións do curso básico de prevención de riscos laborais de 50 horas, que corresponde ao contido mínimo do programa de formación para o desempeño das funcións de nivel básico, engadindo 10 horas máis cun módulo sobre prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.					
En 2010 melloruse notablemente a porcentaxe de alumnos que remataron satisfactoriamente estas accións formativas.					
<b>Obxectivos:</b>					
- Facer accesible a formación en PRL, sen condicionados xeográficos ou de incompatibilidade horaria, fomentando unha formación continua en prevención de riscos dun xeito personalizado e interactivo.					
Area funcional	SDFE	Colaboracións	APL (USC)	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 4 Liña 2.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)



<b>DFS 8</b>	<b>Formación interna</b>				Permanente
<b>Descrición:</b>					
<p>A actualización dos coñecementos e a adquisición de novas cualificacións en materia de prevención de riscos laborais dos técnicos do ISSGA fai imprescindible establecer un programa de formación interna mediante a súa asistencia a xornadas técnicas, seminarios, cursos e congresos, e a organización de cursos e xornadas do ISSGA para o seu propio persoal.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar cursos internos de formación sobre temas específicos, para actualizar ou afondar os coñecementos do persoal ou para formalo sobre temas novos.</li> <li>- 2011: Dada a incorporación neste Plan, de actividades relacionadas coa ergonomía e psicosocioloxía, potenciárase especialmente a formación nestes eidos, sen menoscabo doutras accións formativas.</li> </ul>					
Area funcional	SDFE; SFC; SOTP	Colaboracións		Ambito/sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obx. 3 liña 2.6 Obx. 4 liña 3.1	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)	

  

<b>DFS 9</b>	<b>Formación de formadores do sector agrario</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Durante 2010, froito dunha acción contida no Convenio que o ISSGA asinou coa Consellería de Medio Rural e os sindicatos agrarios, realizáronse, para os técnicos destes, cursos de PRL específicos do sector. Xa que se desenvolveron os instrumentos (edición de manual, uso da aula virtual do ISSGA) e os contidos, preténdese tirar proveito do traballo realizado, ampliando esta acción do 2010 aos docentes dos centros de capacitación agraria.</p> <p>Ao implicar a formadores, esta acción terá repercusión na sensibilización sobre a PRL dos seus alumnos, e por extensión, a todo o sector.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar cursos de formación de formadores en materia de PRL para docentes dependentes dos centros educativos da Consellería de Medio Rural.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SDFE	Colaboracións	Medio Rural	Ambito/sector	Agricultura
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 4 Liña 3.3.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)	



<b>DFS 10</b>	<b>Escola Galega de Prevención</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Actividade externalizada ate o terceiro trimestre de 2010, ao longo dese mesmo ano o ISSGA desenvolveu un proxecto para instalar a Escola nun edificio anexo ao Centro de Pontevedra e dotalo de persoal.</p> <p>En 2011 instituírase a Escola neste novo espazo, con contidos dirixidos fundamentalmente aos rapaces de educación primaria, aínda que as actividades abranguerán a outros ciclos formativos, como o bacharelato e a formación profesional.</p> <p>Na actividade de esta escola incluírase á aula de risco eléctrico do ISSGA, aos efectos de programación e coordinación de actividades.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispor de xeito permanente dun espazo físico que responda ás necesidades de formar docentes, educadores, escolares e á cidadanía galega no eido da prevención de riscos laborais.</li> <li>- Inculcar e espallar nas primeiras idades a vocación preventiva dun xeito ameno e divertido para que actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores.</li> <li>- Concienciar aos estudantes de formación profesional e bacharelato da importancia da seguridade e a saúde laboral no traballo.</li> <li>- Elaborar materiais de divulgación e sensibilización adaptados ás idades dos receptores, incidindo asemade da PRL na seguridade no fogar e na vial.</li> <li>- Organizar e coordinar as actividades e visitas da Escola, dándelles a máxima difusión.</li> <li>- Manter e mellorar a web da Escola, aumentando os seus contidos.</li> </ul>					
Area funcional	SDFE;XCPo	Colaboracións		Ambito/sector	Educación
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 5 Liña 2.7.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)	



<b>DFS 11</b>	<b>Formación para a administración local</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Os concellos deben asumir as obrigas que a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais dicta aos empresarios, e frecuentemente actúan como promotores de obras coas súas responsabilidades específicas. A integración da prevención forma parte de aquelas obrigas, pero atópase coa dificultade derivada do horizonte temporal limitado da lexislatura.</p> <p>Compre desenvolver unha formación sinxela pero suficiente para os responsables municipais, coa consideración engadida da falta de apoio técnico que teñen en moitos concellos de escasa entidade, nos que asemade a diversidade das súas responsabilidade limita o seu tempo de dedicación á PRL.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver un instrumento de formación, preferentemente “on line” para facilitar a integración da PRL na administración local de Galicia, con dous módulos: obrigas xenéricas, e normativa de construción.</li> <li>- Implementalo na aula virtual do ISSGA.</li> </ul>					
Area funcional	STP; SDFE	Colaboracións	FEGAMP Concellos	Ambito/ sector	Administración
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 3 Liña 2.7		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)

<b>DFS 12</b>	<b>Campaña de sensibilización dirixida a poboación escolar</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Ao tempo da ubicación da Escola de PRL nun espazo físico, as mensaxes deben de chegar aos centros educativos, porque é alí onde se atopan os receptores potenciais, e dicir, os alumnos e tamén os mestres e profesores nos que se debe procurar infundir a importancia desta materia transversal.</p> <p>Esta campaña partirá por tanto da Escola co obxecto de que revirta cara a ela o interese e a visita dos seus usuarios.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Promocionar as actividades da Escola de prevención de riscos laborais en todos os centros de formación e recursos do profesorado de Galicia, promocionando as actividades da Escola, e difundir os materiais do que dispón.</li> </ul>					
Area funcional	SDFE; XCPo	Colaboracións		Ambito/ sector	Educación
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción	Obxectivo 5 Liña 2.7.		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)



<b>DFS 13</b>	<b>Participación institucional en eventos</b>				Anual
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>O ISSGA conta cunha imaxe corporativa como signo de identidade propia e elemento de diferenciación. Tras a súa posta en marcha, e co fin de difundir as súas actividades, o Instituto dotouse dun posto promocional, adaptado á súa imaxe corporativa.</p> <p>No posto do ISSGA expónse material bibliográfico, folletos divulgativos, DVDs das campañas, actuacións realizadas e artigos de <i>merchandising</i>.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
- Participar institucionalmente en congresos, feiras e eventos tanto autonómicos coma nacionais e internacionais para difundir as actividades do instituto.					
Area funcional	Dirección; SDFE	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 5 Liña 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)

<b>DFS 14</b>	<b>Prevención de drogodependencias no ámbito laboral</b>				Anual
<b>Descrición*:</b>					
<p>*Esta actividade ten a mesma xustificación e obxectivos do ano anterior.</p> <p>O consumo de drogas, tanto legais como ilegais, contribúe a causar numerosos problemas no conxunto da sociedade. O medio laboral non se atopa á marxe e o consumo de drogas ten repercusións graves, tanto para os traballadores e os seus familiares, como para a empresa para a que traballan.</p> <p>No ámbito laboral é necesario afrontar o problema desde unha óptica preventiva e co consenso de tódolos axentes implicados desde a responsabilidade e a sensibilidade polo tema.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
- Informar, formar e sensibilizar á poboación traballadora en relación cos riscos que representa o consumo de drogas, fundamentalmente e través da organización de xornadas técnicas de sensibilización.					
- Difundir información a través de materiais divulgativos.					
Area funcional	STP; SDFE.	Colaboracións	Consellería Sanidade	Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 1.7.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)



<b>DFS 15</b>	<b>Amianto: campaña informativa</b>			Anual	
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A maioría dos edificios construídos en España entre 1965 e 1990 conteñen amianto nalgún dos materiais empregados. Moitos dos edificios de vivendas, pola súa antigüidade necesitan facer obras de substitución e renovación de baixantes, caneiros e canalizacións en xeral, cubertas e placas de fibrocemento.</p> <p>Todos estes materiais teñen unha alta probabilidade conter amianto e polo tanto as empresas que os realizan deben estar inscritas no RERA e facelo ao abeiro dun plan de traballo que asegure que se executan seguindo a metodoloxía correcta para evitar a liberación de fibras de amianto.</p>					
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>Obxectivo global: Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto RD 396/2006</p> <p>Obxectivo específico 2011: Informar os administradores de fincas, coa intención da transmisión da información ás comunidades de propietarios, dos riscos derivados dos MCA, a lexislación que se debe cumprir e as responsabilidades derivadas da realización de obras sen plan de traballo.</p>					
Area funcional	SHI	Colaboracións		Ambito/sector	Multisectorial
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción		Obxectivo 1 Liña 2.4.	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.g)



<b>LHA 1</b>	<b>Laboratorio de hixiene analítica: aseguramento da calidade</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>A acreditación é a ferramenta establecida a escala internacional para xerar confianza dun Laboratorio de ensaio. A piques de rematar o cumprimento dos requisitos de calidade de laboratorios segundo a Norma UNE-EN ISO-IEC 17025, en 2011 encargárase a ENAC a auditoría inicial para a acreditación do laboratorio.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<p>Xeral: Asegurar a calidade dos procedementos utilizados na análise de mostras no laboratorio.</p> <p>2011: Solicitar a ENAC a auditoría para a acreditación.</p> <p>2011: Acreditación para reconto de fibras de amianto, consonte ao RD 396/2006.</p> <p>2011: Participar no Programa de intercomparación da calidade analítica (INSHT).</p>					
Area funcional	LHA	Colaboracións		Ambito/sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.v)	

<b>LHA2</b>	<b>Laboratorio de Hixiene: Normalización e posta a punto de métodos analíticos</b>				Anual
<b>Descrición*:</b>					
<p>A normalización de métodos e elaboración e validación de procedementos de traballo normalizados son fundamentais no proceso de acreditación segundo a norma UNE- EN ISO-IEC 17025 comezado polo laboratorio de hixiene analítica, ao tempo que para a realización de ensaios interlaboratorios precísase que se axusten aos protocolos de validación do INSHT.</p> <p>Compre tamén, trala adquisición de equipos novos, adaptar a eles as técnicas habituais.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<p>--Posta a punto dos métodos ambientais e biolóxicos conforme aos novos equipos de Laboratorio.</p> <p>-Participación en ensaios interlaboratorio.</p> <p>-Realizar ensaios intralaboratorio de control de calidade e validación.</p>					
Area funcional	LHA	Colaboracións		Ambito/sector	Interno
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Artigo 4º.v)	

<b>LHA 3</b>	<b>Laboratorio de hixiene analítica: análises externas; publicación de prezos privados</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>Procederáse ao tempo que se remate o proceso de acreditación do laboratorio á análise de mostras de procedencia externa, coa publicación da listaxe de prezos privados do laboratorio, polo que ademais da análise propiamente dita, estableceranse procedementos e protocolos que comprendan dende a solicitude dá análise por parte do cliente, pasando pola recepción de mostras e a xestión das mesmas dentro do laboratorio, ata a de remisión do resultados.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación da listaxe de prezos privados.</li> <li>- Explotación estatística de datos en relación coas mostras de procedencia externa.</li> </ul>					
Area funcional	LHA	Colaboracións	ETH	Ambito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.k)

<b>LHA 4</b>	<b>Verificación das fichas de datos de seguridade de produtos químicos</b>				Anual
<b>Descrición:</b>					
<p>A principal fonte de información para descubrir as propiedades perigosas dos axentes químicos é a Ficha de datos de seguridade (FDS).</p> <p>O Regulamento (CE) nº 1272/2008 "REACH", que é a nova regulación sobre substancias e preparados en Europa, fai modificacións na FDS dotándoas dunha información máis completa e nalgúns casos incorporarán os "escenarios de exposición" que son un elemento clave para a xestión do risco.</p> <p>Este novo sistema deberá aplicarse ás substancias con carácter obrigatorio a partir do 1 de decembro de 2010 e para preparados a partir do 1 de xuño de 2015.</p>					
<b>Obxectivos:</b>					
<p>Apoio, de ser preciso, á execución do "Mapa de risco químico", na análise do contido das FDS, cos mesmos obxectivos desa actuación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinación co programa de elaboración do mapa de risco químico</li> </ul>					
Area funcional	LHA	Colaboracións	ETH	Ambito/sector	Industria
Plan Estratéxico 2011-2014 Obxectivo e Acción			Lei 14/2007: Funcións do ISSGA		Artigo 4º.k)



## Códigos

No campo “Área funcional” indícanse os responsables inmediatos do ISSGA encargados da coordinación na execución de cada unha das actuacións. Co obxecto de simplificar o formato, utilízanse os acrónimos da denominación dos postos implicados. Dada a multiplicidade xerada polas denominacións idénticas dos catro centros, cando unha actuación afecta a un só deles, indícase a provincia a continuación (Co= A Coruña, Po= Pontevedra, etc.); en caso de non especificar provincia, enténdense abranguidos os catro Centros:

SXTP	Subdirección Xeral Técnica e de Planificación.
SXAP	Subdirección Xeral de Administración e Persoal.
STP	Servizo técnico e de planificación.
SS	Sección de seguridade (Santiago).
SHI	Sección de hixiene industrial (Santiago).
SEPA	Sección de ergonómia e psicocioloxía aplicada.
SDFE	Sección de documentación, formación e estudos.
XC	Xefaturas de Centro.
EETT	Equipos técnicos en conxunto.
ETS	Equipos técnicos de seguridade.
ETH	Equipos técnicos de hixiene.
ETML	Equipos técnicos de medicina laboral.
SFC	Seccións de formación dos centros.
LHA	Laboratorio de hixiene analítica.